

Esta plataforma, Queremos UPO, que naceu e continúa pola defensa e restitución da Universidade Popular de Ourense, desde fai pronto tres anos, séntese na obriga de comunicar:

- Que a creación do programa educativo: Escola Municipal Continua anunciada onte día 14 de febreiro non é a Universidade Popular, nin en forma, nin en contido, nin en procedementos e moito menos unha substitución.
- Que a Concellería de Educación garda “silencio sepulcral” en relación coa xestión, organización, deseño, programación e coordinación deste novo programa educativo.
- Que o empeño en querer alterar o nome de “Universidade” non é unha consecuencia do rexeitamento ao significado de tal acepción, senón a garantía para poder actuar e programar os cursos de formación sen control e con impiedade, sen procesos administrativos transparentes e públicos, sen procesos selectivos nin convocatoria aberta pública para recibir propostas de accións formativas, así mesmo sen a garantía do bo funcionamento da docencia e matriculacións.

Se o termo universidade fose erróneo, desde hai máis de 100 anos houbera sido modificado en todo o territorio español e demais países de Europa, así como na cidade de Ourense noutras “universidades” que conteñen dita denominación; a Universidade Laboral, a Universidade Senior da UNED ou a Universidade para Maiores (Programa universitario de maiores) da Universidade de Vigo, entre outros. Ninguén a estas alturas confunde a Universidade de Vigo coa Universidade Laboral. Véxase o exemplo indicado pola Real Academia Española no Dicionario da lingua na súa primeira acepción (resaltado en azul). ¹

- Que a creación dun novo programa “Escola Municipal Continua” no formato que se presenta, e dado os acontecementos, non ofrece ningunha garantía aos/as cidadáns/as. Un programa como era a Universidade Popular require dunhas bases, dun proceso longo administrativo transparente e público, así como duns tempos axeitados, de convocatorias, anuncio dos programas e período coherente de preinscrición e matrícula. A Escola Municipal Continua foi anunciada onte día 14 de febreiro e hoxe pola mañá abríase o período

¹ RAE

1. f. Institución de ensinanza superior que comprende diversas facultades, y que confiere los grados académicos correspondientes. Según las épocas y países puede comprender colegios, institutos, departamentos, centros de investigación, escuelas profesionales, etc. Universidad de Salamanca, [universidades populares](#).
2. f. Edificio o conjunto de edificios destinado a las cátedras y oficinas de una universidad.
3. f. Conjunto de personas que forman una corporación.
4. f. Conjunto de las cosas creadas.
5. f. universalidad (ll cualidad de universal). Sin.: universalidad, generalidad, totalidad.
6. f. Instituto público de enseñanza donde se hacían los estudios mayores de ciencias y letras, y con autoridad para la colación de grados en las facultades correspondientes.
7. f. Conjunto de poblaciones o de barrios que estaban unidos por intereses comunes, bajo una misma representación jurídica.

de inscrición, tempo insuficiente para que a información chegue aos posibles alumnos, así como proceder á elección dos devanditos cursos.

- Que a creación deste novo programa evidencia unha clara “desorde, improvisación, descoñecemento e descontrol”. Os cursos ofertados son un “copia e pega” das accións formativas do último curso escolar da Universidade Popular de Ourense (2021), accións que por outra banda eran creación do derradeiro equipo docente.
- Que a prontitude e repentina creación e posta en marcha do devandito programa educativo parece máis obra dun “acelerón vulgar en tempo de campaña electoral” que un interese pola verdadeira educación continua dos/as ourensáns/as.
- Que nin de lonxe pódese parecer á Universidade Popular de Ourense con 50 cursos de oferta, fronte aos 140 da UPO e duracións limitadas en cómputo de horas a menos dun terzo.
- Que un total de 90 cursos de formación NON se imparten, quedando excluídas as seguintes áreas: idiomas, informática, artes plásticas, artesanía, humanidades, teatro, fotografía, cultura e outras ramas como a danza e a saúde que quedan seriamente mermadas.
- Que esta plataforma agradece públicamente a actuación e implicación das concelleiras da oposición do PSOE de Ourense Natalia G. Beneitez e Cristina Cruz e do BNG Ruth Reza e Luis Seara, desde o mesmo intre en que tiveron coñecemento do devandito anuncio e conversas con esta plataforma.

